

⊙ milagre de San Bieito e outros acontecementos

Milagros Bará



Diego Xelmírez, arzobispo de Santiago.

Ipsum Monasterium S. Salvatoris in loco qui vocatur Spinareto, circa fluvium quem vocitant Lerez¹

O mosteiro de San Salvador de Lerez foi un referente no mundo do ensino e a cultura durante varios séculos, como o de Santo Domingo que foi colexio baixo o mecenado de Fr. Tomás de Sarria no s. XVII, pero o de Lerez tamén foi escenario de sucesos transcendentales para a historia de Galicia.

Diego Xelmírez

Ao mosteiro acudiu Diego Xelmírez, primeiro arcebispo de Santiago, para o acto de consagración dun dos seus máis fieis cóengos. De Munio Alfonso o 23 de marzo de 1113: «Le consagró en Lerez, el Arzobispo de Braga, D. Mauricio, en presencia del Prelado de Santiago y los señores Obispos de Orense y Tuy y, ya Obispo, la ciudad compostelana le tributó un cariñoso recibimiento», ao que lle chamaban D. Munio 'Vallibriensi Episcopo' e despois como 'Minduniensis Episcopus'. Munio foi premiado por

¹ Concesión Ordoño II ao abade Guntado dos terreos para edificar un mosteiro consagrado ao Salvador. España Sagrada Trat. 59. Cap. 3.



Extracto del mapa Il Regno de Galicia de 1696.. CARTOTECA DOMINGO FONTÁN

Xelmírez como autor principal da *Compostelana*, una biografía do propio Xelmírez, «*Munio era íntimo del hombre excepcional que biografiaba y escribía para perpetuar las acciones del egregio prelado que mandó se escribiese*».²

Alonso I de Fonseca

Tamén se escondeu no Mosteiro Alonso I de Fonseca (1440-1512), Arcebispo de Santiago, que despois de ser apresado, «*al ser puesto en libertad se fué solo con una mula y un mozo despuelas al Monasterio de San Salvador de Lérez escondidamente y desde allí se fué a Castilla*», pasando despois a Portugal.³

O P. Feijóo

O ourensán Benito Gerónimo Feijóo y Montenegro, erudito, estudoso, apaixonado, escritor compulsivo e entretido orador, pasou varios anos da súa vida en Pontevedra. Destacou como escritor pola súa sinxela prosa e mensaxes claros e directos. Feijóo chegou a Pontevedra en 1692 para cursar durante tres anos estudos de Artes no mosteiro de San Salvador de Lérez.

Escribiu en castelán, seguindo os consellos de Fr. Luis de León, para que o vulgo o entendese. A intención de fondo de Feijóo cos seus escritos era de calado, xa que intentaba combater erros sobre centenas de materias como trasnos, maxia, videntes, milagres ou astroloxía, que afirmaban persoas sen formación nin criterio.

Aínda que Feijóo era escéptico sobre a multitude de supostos milagres, recorda cando estudou Artes no famoso mosteiro presenciar só un na súa vida e foi alí. O mosteiro convertérase en Colexio de Teoloxía en 1657 e creou unha aula de Artes en 1661. O Colexio de Artes deulle gran prestixio na súa época porque en toda Galicia só había tres, por el pasaron ilustres alumnos.

O milagre de San Bieito

No tomo primeiro de *Cartas Eruditas. Teatro crítico universal* (1726) reflexiona sobre temas diversos baseados en crenzas sen base e outros asuntos máis mundanos. Unha obra publicada en cinco volumes entre 1742 e 1760 que recibiu airados ataques e convulsionou a sociedade da época. No tomo segundo, na súa Carta XI baixo o título de 'Examen de Milagros', Feijóo describe en primeira persoa a vivencia dun milagre durante a súa estancia no mosteiro de Lérez:



Retrato del P. Feijóo. CUEVASI LA ILUSTRACIÓN GALLEGA Y ASTURIANA

«*Hay en nuestro monasterio de San Salvador de Lérez, sito en el Arzobispado de Santiago, y distante un quarto de legua de la Villa de Pontevedra, una pequeña Imagen de mi padre San Benito, colocada en su Altar, á quien profesa singular devoción, y especialísima fe a toda la gente de aquella comarca. Si V. md. viviese en aquella tierra, oíría, como yo lo oí, innumerables prodigios atribuidos al Santo Patriarca, como efectos de la devoción, que hay con aquella imagen*».⁴

«*Estabamos todos los condiscípulos á una hora de recreación en un pequeño campo, que hay delante de la Iglesia del Monasterio, de los cuales algunos se divertían en el juego de los bolos. Sucedió, que habiendo salido de la Iglesia de hacer oración una pobre muger plebeya que llevaba un tierno hijuelo en los brazos, baxaba por una escalera, por donde se descende de aquel campo al camino público, que va á Pontevedra. Cerraba el espacio de juego la misma escalera, cuyo primer escalon se elevaba algo sobre la superficie del campo, sirviendo de termino á las bolas de juego, porque tal era su dirección. Al tiempo que la muger baxaba, un Condiscípulo mío, de grandes fuerzas (Fr. Juan de Bellisca,*

² Mondoñedo Boletín de información do Centro de Enseñanza Media y Profesional Núm. 6 (09-04-1955) por Francisco Mayán Fernández.

³ *El Compostelano*, diario independente Ano VII Número 1830 - 1926 abril 27.

⁴ *Cartas Eruditas y Curiosas. Teatro crítico universal* (1726) de Benito Gerónimo Feijóo y Montenegro. Tomo II.

hijo de la Casa de Carrión), disparó con toda su pujanza una bola, la qual llegando al escalon por parte algo inclinada, y resvaladiza, voló con mucha elevación sobre la escalera, y cayó sobre el niño, que llevaba la muger en brazos, dexandole, no sé si muerto, ú desmayado. En realidad, así á mí, como á todos los demás Condiscipulos, se nos presentó perfecto cadaver, y tal le juzgamos entonces».⁵

A muller entrou desesperada na igrexa ata o altar do santo e pouco tempo despois saíu co fillo vivo e con 'aspecto festivo e alegre'. Sen recoñecer o feito como unha resurrección, Feijóo achácao a unha curación milagrosa atribuída a san Bieito. Feijóo volveu anos máis tarde, entre 1701 y 1709, en calidade de pasante e de lector. Un vínculo que o uniu a Pontevedra de maneira intensa durante eses anos.

Rezo popular ao santo

Ao santo atribúese o poder de curar enfermidades, partos felices chegar a bo fin nos negocios. O periodista Menandro recollía esta pregaría popular ao santo dunha devota a san Bieito en 1912.

«¡Oh! Glorioso S. Benito, que soupeche gañar o ceo,
a ti rezamos pra que por nos pidas e nos reserves
un curruncho anque sea dos piores como pecadores
que somos.

Líbranos de pest'o gando, de mal de gorxa,
de malas envidias de mal do'llo,
e de feitizos de malas almas.

¡Oh! Glorioso S. Benito, que soupeche gañar o ceo,
lévanos contigo. Amén».⁶

As reliquias de San Froitoso

Outro gran acontecemento, máis próximo no tempo, foi a devolución das reliquias de San Froitoso que Xelmírez roubou dunha igrexa de Braga en 1102. Ditas reliquias foron devoltas o 17 de outubro de 1966, segundo acta, ao bispo auxiliar de Braga, Manuel Ferreira Cabral.

A entrega efectiva produciuse o día 19 en Santiago e ese mesmo día, ás 12:00 h da mañá, chegaron nun coche furgón das forzas armadas portuguesas ao mosteiro de San Salvador de Lérez onde se celebrou unha solemne misa, segundo o rito bracarense, e a urna de prata cos restos foi levada a ombros pola Cofradía del Espíritu Santo.

⁵ *Cartas Eruditas y Curiosas. Teatro crítico universal (1726) de Benito Gerónimo Feijóo y Montenegro. Tomo II.*

⁶ *El Progreso, semanario independiente. Ano VI Número 749 – 1912, xullo 12.*



Portada de *Cartas Eruditas y Curiosas*. P. Feijóo

De alí partiu a comitiva cara a Tui percorrendo as rúas de Pontevedra no furgón que «fue saludado con gran respeto por parte del numeroso público que a la una de la tarde transitaba por las céntricas vías por las que desfiló la comitiva... ».⁷

Fontes

- Concesión Ordoño II ao abad Guntado dos terreos para edificar un mosteiro consagrado ao Salvador. *España Sagrada. Trat. 59. Cap. 3.*
- Mondoñedo. *Boletín de información del Centro de Enseñanza Media y Profesional. Núm. 6 (09-04-1955)* por Francisco Mayán Fernández.
- *El Compostelano*, diario independente Ano VII Número 1830 - 1926 abril 27.
- *Cartas Eruditas y Curiosas. Teatro crítico universal (1726)* de Benito Gerónimo Feijóo y Montenegro. Tomo II.
- *El Progreso*, semanario independente Ano VI Número 749 - 1912 xullo 12.
- *El Pueblo Gallego*, rotativo da mañá, 20-10-1966.

⁷ *El Pueblo Gallego, rotativo de la mañana Núm. s.n. (20-10-1966).*